

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección polo que se modifican as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante Resolución do 28 de decembro de 2015 (DOG núm. 248, do 30 de decembro) publicáronse as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

No punto 11 do artigo 13 destas bases, obrigas dos beneficiarios, establécese a obriga, no caso de postos agrupados de participación en feiras, da utilización do símbolo E de España (en solitario ou acompañado da lenda «España»).

A utilización do mencionado símbolo régulase nun convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e o ICEX, no cal se establece que as actuacións susceptibles de utilizar o símbolo E de España deberán ser comunicadas ao ICEX, que autorizará o seu uso. Na data actual non se dispón de autorización para a utilización do mencionado símbolo nestas actuacións, polo que se considera oportuno eliminar a dita exixencia das bases reguladoras.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 22 de decembro de 2016, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Por todo o anterior, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Publicar a modificación das bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Inter-



medios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, publicadas mediante Resolución do 28 de decembro de 2015 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), no seguinte senso:

Un. No artigo 13, obrigas dos beneficiarios, elimínase o punto 11 e reenumérase o punto 12 que pasa a ser o 11.

Artigo 2

Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

